

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027319	IES de Sar	Santiago de Compostela	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	11
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	13
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	13
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	14
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	18
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	18
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	19
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	21
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	21
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	22
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	23
o) Outros apartados	23

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Son moitos os cambios que se produciron nos últimos anos nos comportamentos sociais, cambios que tamén afectan ao papel da educación e a percepción que á sociedade ten desta. Entre eses cambios cabe destacar o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, que está a modificar a maneira en que as persoas participan na sociedade, e as súas capacidades para construíren a propia personalidade e para aprenderen ao longo da vida. Dende o centro preténdese que estes cambios deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros. Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender ao desenvolvemento sostible que inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, a educación para a transición ecolóxica; así como aspectos relacionados coa saúde, coa corresponsabilidade, coa cooperación entre iguais e coa interdependencia persoal; e tamén o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta a actividade educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado. 01.1º ESO A ESO (Educación Secundaria Obrigatoria) ten por finalidade lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e traballo preparando o alumnado para a súa incorporación aos estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e tamén formándoos para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns. Partindo desta finalidade? Este currículo da ESO pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Dende o IES de Sar traballamos para que se alcancen os seguintes obxectivos de partida básicos, que aparecen recollidos no artigo 7 do Decreto 156/2022 do 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan: a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes. d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización. f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia. g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

0.2.1º ESO

As competencias básicas poden ser definidas como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. As competencias clave da etapa son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en ciencia e expresión culturais (CCEC).

A transversalidade é unha condición, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto. O equipo docente do IES de Sar fomenta a consecución das competencias clave do alumnado por medio de estratexias como: a planificación de tarefas, proxectos interdisciplinares e colaborativos, etc.

As programacións didácticas dos diferentes departamentos didácticos inclúen aqueles aspectos que contribúen á consecución das competencias clave por parte de todo o alumnado. Na avaliación final de cada curso da ESO realízase unha valoración das competencias clave. Os resultados desta avaliación das competencias exprésase nos termos de: insuficiente (IN) | suficiente (SU) | ben (BE) | notable (NT) | Sobresaínte (SB) Para o cualificación das competencias básicas partírase das porcentaxes de contribución de cada materia á consecución da mesma tendo presente os descritores operativos das competencias clave no ensino básico. Descritores operativos das competencias clave no ensino básico. Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxectivos xerais da etapa, o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos de cada área, ámbito ou materia. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos, a través dos correspondentes criterios de avaliación asociados, poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e obxectivos xerais previstos para a etapa.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, inclúense tamén no perfil os descritores operativos que orientan sobre o nivel de desempeño esperado ao completar a educación primaria, favorecendo e explicitando así a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen o ensino obrigatorio.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

- CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto

para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.

- CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
- CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
- CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

CP-Competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

- CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
- CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social. A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e das metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

- STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se é necesario.
- STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.
- STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.
- STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.
- STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo

responsable.

CD-Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

- CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

- CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

- CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

- CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

- CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lles facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

- CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.

- CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

- CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpórasas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.

- CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

- CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

CC-Competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

- CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

- CC2. Analiza e asume fundamentalmente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

- CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

- CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodpendencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

CE-Competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

- CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.

- CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor

- CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

- CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

- CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.

- CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

- CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

0.2.2º BACHARELATO

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para

o seu futuro formativo e profesional, e capacitálo para o acceso á educación superior. Para cumprir estes fins, é preciso que esta etapa contribúa a que o alumnado progrese no grao de desenvolvemento das competencias que, de acordo co perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, debe ter alcanzado ao finalizar a educación secundaria obrigatoria. As competencias clave que se recollen no devandito perfil de saída son as seguintes:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos, e con propósitos comunicativos diversos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

- CCL1. Exprésase de xeito oral, escrito, signado ou multimodal con fluidez, coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais e académicos, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información, crear coñecemento e argumentar as súas opinións como para establecer e coidar as súas relacións interpersoais

- CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos distintos ámbitos, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada, e para construír coñecemento

- CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de xeito autónomo información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para a comunicar de maneira clara e rigorosa adoptando un punto de vista creativo e crítico, á par que respectuoso coa propiedade intelectual.

- CCL4. Le con autonomía obras relevantes da literatura e ponas en relación co seu contexto sociohistórico de produción e coa tradición literaria anterior e posterior, e examina a pegada do seu legado na actualidade, para construír e compartir a súa propia interpretación argumentada das obras, crear e recrear obras de intención literaria e conformar progresivamente un mapa cultural.

- CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando e rexeitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos sistemas de comunicación.

CP-Competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade, co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

- CP1. Utiliza con fluidez, adecuación e aceptable corrección unha ou máis linguas, ademais da lingua familiar ou das linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas con espontaneidade e autonomía en diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

- CP2. A partir das súas experiencias, desenvolve estratexias que lle permitan ampliar e enriquecer de forma sistemática o seu repertorio lingüístico individual co fin de se comunicar de xeito eficaz.

- CP3. Coñece e valora criticamente a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal e antepoñendo a comprensión mutua, como característica central da comunicación, para fomentar a cohesión social.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

- STEM1. Selecciona e utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade elixida e emprega estratexias variadas para a resolución de problemas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, en caso necesario.

- STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar fenómenos relacionados coa modalidade elixida, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, formulándose hipóteses e contrastándose ou comprobándose mediante a observación, a experimentación e a investigación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade, e amosando unha actitude crítica acerca do alcance e das limitacións dos métodos empregados.

- STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando e creando prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou a un problema de xeito colaborativo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e avaliando o produto obtido de acordo cos obxectivos propostos, a sustentabilidade e o impacto transformador na sociedade.

- STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de investigacións de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas e símbolos), aproveitando a cultura dixital con ética e responsabilidade e valorando de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, para compartir e construír novos coñecementos.

- STEM5. Planea e emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física e mental, e para preservar o ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable, aplicando principios de ética e seguridade, para crear valor e transformar a súa contorna de maneira sustentable, adquirindo compromisos como cidadán ou cidadá nos ámbitos local e global.

CD-Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

- CD1. Realiza procuras avanzadas comprendendo como funcionan os motores de procura na internet, aplicando criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e organizando o almacenamento da información adecuadamente e con seguridade, para a referenciar e a reutilizar posteriormente.

- CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais de forma individual ou colectiva, aplicando medidas de seguridade e respectando sempre os dereitos de autoría dixital, para ampliar os seus recursos e xerar novo coñecemento.

- CD3. Selecciona, configura e utiliza dispositivos dixitais, ferramentas, aplicacións e servizos en liña, e incorpóraos na súa contorna persoal de aprendizaxe dixital, para se comunicar, traballar colaborativamente e compartir información, xestionando de maneira responsable as súas accións, a presenza e a visibilidade na rede, e exercendo unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

- CD4. Avalía riscos e aplica medidas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e fai un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable desas tecnoloxías.

- CD5. Desenvolve solucións tecnolóxicas anovadoras e sustentables para dar resposta a necesidades concretas, amosando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información

eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia, e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea, a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

- CPSAA1.1. Fortalece o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de obxectivos de xeito autónomo para facer eficaz a súa aprendizaxe.
- CPSAA1.2. Desenvolve unha personalidade autónoma, xestionando construtivamente os cambios, a participación social e a súa propia actividade, para dirixir a súa vida.
- CPSAA2. Adopta de maneira autónoma un estilo de vida sustentable e atende o benestar físico e mental propio e das demais persoas, procurando e ofrecendo apoio na sociedade, para construír un mundo máis saudable.
- CPSAA3.1. Aмосa sensibilidade cara ás emocións e as experiencias das demais persoas, sendo consciente da influencia que exerce o grupo nas persoas, para consolidar unha personalidade empática e independente e desenvolver a súa intelixencia. CPSAA3.2. Distribúe nun grupo as tarefas, os recursos e as responsabilidades de xeito ecuánime, segundo os seus obxectivos, favorecendo un enfoque sistémico para contribuír á consecución de obxectivos compartidos.
- CPSAA4. Compara, analiza, avalía e sintetiza datos, información e ideas dos medios de comunicación, para obter conclusións lóxicas de forma autónoma, valorando a fiabilidade das fontes.
- CPSAA5. Planifica a longo prazo avaliando os propósitos e os procesos da construción do coñecemento, relacionando os campos deste para desenvolver procesos autorregulados de aprendizaxe que lle permitan transmitir ese coñecemento, propor ideas creativas e resolver problemas con autonomía.

CC-Competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

- CC1. Analiza feitos, normas e ideas relativas á dimensión social, histórica, cívica e moral da súa propia identidade, para contribuír á consolidación da súa madureza persoal e social, adquirir unha conciencia cidadá e responsable, desenvolver a autonomía e o espírito crítico, e establecer unha interacción pacífica e respectuosa coas demais persoas e coa contorna.
- CC2. Analiza e asume fundamentadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
- CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
- CC4. Analiza as relacións de interdependencia e ecodpendencia entre as nosas formas de vida e a contorna, realizando unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e ecosocialmente responsable con actividades e hábitos que conduzan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable e a loita contra o cambio climático.

CE-Competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición a aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

- CE1. Avalía necesidades e oportunidades e afronta retos, con sentido crítico e ético, avaliando a súa

sustentabilidade e comprobando, a partir de coñecementos técnicos específicos, o impacto que poidan supor na contorna, para presentar e executar ideas e solucións anovadoras dirixidas a distintos contextos, tanto locais como globais, no ámbito persoal, social e académico, con proxección profesional emprendedora.

- CE2. Avalía e reflexiona sobre as fortalezas e as debilidades propias e as das demais persoas, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia; interioriza os coñecementos económicos e financeiros específicos e transfíreos a contextos locais e globais, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia ou unha iniciativa emprendedora de valor.

- CE3. Leva a cabo o proceso de creación de ideas e solucións anovadoras e toma decisións, con sentido crítico e ético, aplicando coñecementos técnicos específicos e estratexias áxiles de planificación e xestión de proxectos, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para elaborar un prototipo final de valor para as demais persoas, considerando a experiencia, tanto de éxito como de fracaso, unha oportunidade para aprender.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

- CCEC1. Reflexiona, promove e valora criticamente o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade.

- CCEC2. Investiga as especificidades e as intencionalidades de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha postura de recepción activa e deleite, diferenciando e analizando os contextos, os medios e os soportes en que se materializan, así como as linguaxes e os elementos técnicos e estéticos que as caracterizan.

- CCEC3.1. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións con creatividade e espírito crítico, realizando con rigor as súas propias producións culturais e artísticas, para participar de xeito activo na promoción dos dereitos humanos e os procesos de socialización e de construción da identidade persoal que derivan da práctica artística.

- CCEC3.2. Descubre a autoexpresión, a través da interactuación corporal e a experimentación con diferentes ferramentas e linguaxes artísticas, enfrontándose a situacións creativas cunha actitude empática e colaborativa, e con autoestima, iniciativa e imaxinación.

- CCEC4.1. Selecciona e integra con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para deseñar e producir proxectos artísticos e culturais sustentables, analizando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral que ofrecen, servíndose da interpretación, a execución, a improvisación ou a composición.

- CCEC4.2. Planifica, adapta e organiza os seus coñecementos, as súas destrezas e as súas actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desempeños derivados dunha produción cultural ou artística, individual ou colectiva, utilizando diversidade de linguaxes, códigos, técnicas, ferramentas e recursos plásticos, visuais, audiovisuais, musicais, corporais ou escénicos, valorando tanto o proceso como o produto final, e comprendendo as oportunidades persoais, sociais, inclusivas e económicas que ofrecen.

PONDERACIÓN DAS COMPETENCIAS

A nota de cada competencia se calculará usando unha media ponderada a partires das notas das distintas materias, seguindo as ponderación establecidas polos departamentos

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado e é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír. O artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece os elementos transversais do currículo que deberán ser traballados en todas as materias ao longo da escolarización do alumnado.

Comprensión lectora e expresión oral/escrita

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, nas diferentes materias/cursos/etapas da escolarización no IES de Sar tratarase de adoptar as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, tanto en lingua castelá como en lingua galega.

Educación audiovisual e tecnolóxica.

Nas diferentes materias/cursos /etapas da escolarización no IES de Sar tratarase de potenciar entre o alumnado os instrumentos que ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) como medios do proceso de ensino-aprendizaxe.

Educación Cívica e Constitucional

Nas diferentes materias/cursos/etapas da escolarización no IES de Sar tratarase de promover entre o alumnado a aprendizaxe da prevención da violencia e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito

Educación para a igualdade

Nas diferentes materias/cursos / etapas da escolarización no IES de Sar tratarase de fomentar entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan comprender a importancia de lograr unha igualdade efectiva entre homes e mulleres, incluída a afectivo-sexual, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, etc. A sí mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Nesta liña, e como parte do PEC (Proxecto Educativo de Centro) o IES de Sar conta cun Plan de Igualdade que recolle todas as actuacións a levar a cabo no centro en prol da igualdade real entre mulleres e homes, así como o respecto á diversidade sexual e afectiva-familiar, a educación para a saúde, incluída a afectivosexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Educación para o espírito crítico emprendedor

Nas diferentes materias/cursos / etapas da escolarización no IES de Sar tratarase de fomentar entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación viaria

Nas diferentes materias / cursos / etapas da escolarización no IES de Sar tratarase de promover accións entre o alumnado para a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e futuros condutores/as, pero tamén que respecten as normas e os sinais, e se favorece a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas

Educación ambiental Nas diferentes materias/cursos / etapas da escolarización no IES de Sar o alumnado deberá ser capaz de identificar e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais, cunha perspectiva tanto local como global, como retos ineludibles da nosa sociedade, que lles permita adquirir un sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e do noso planeta.

Nas programacións didácticas dos diferentes departamentos establecerase a concreción do tratamento dos seguintes elementos transversais Ademais do tratamento específico que se recolle nas diferentes programacións didácticas de cada área / materia, o IES de Sar contempla as seguintes estratexias para o tratamento dos elementos transversais:

-Celebración de actividades relacionadas coas datas conmemorativas do calendario:

- Día contra a Violencia de Xénero;
- día dos dereitos humanos;
- día da muller e da ciencia;
- día da Paz, etc.

- Realización de campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, solidariedade; inmigración, etc.

- Realización de obradoiros e actividades complementarias e extraescolares específicas.

-Participar nun Proxecto de Igualdade

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As propostas metodolóxicas teñen que pór especial énfase no acceso de todo o alumnado á educación básica e atención á diversidade de alumnado.

Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias.

Na súa práctica docente, o profesorado do IES de Sar atenderá os principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte, que a continuación se recollen

1. Os docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñendo especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, realizaranse proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, deseñaranse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, o centro fomentará que nos períodos de garda se disporá dunha biblioteca de aula para fomentar a lectura do alumnado.

5. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

A continuación recóllense unha serie de criterios metodolóxicos xerais que cada departamento concretará nas diferentes programacións didácticas:

- -Opcións metodolóxicas que evitan o uso de modelos de ensino-aprendizaxe baseados na transmisión memorística de coñecementos.
- -Opcións metodolóxicas axustadas ao nivel inicial do que parte o alumnado.
- -Opcións metodolóxicas que potencien a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado.
- -Opcións metodolóxicas que conceden importancia á comprensión lectora.
- - Opcións metodolóxicas que promoven o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- - Opcións metodolóxicas apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- -Opcións metodolóxicas baseadas no traballo por proxecto

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O edificio onde está situado o centro está deseñado en forma de U.

Na parte central están as oficinas, despachos, sala de profesores, biblioteca, salón de actos e departamentos. As aulas de bacharelato están dispostas nunha das alas do edificio (zona azul) e as aulas da ESO na outra (zona amarela).

Na planta alta da zona azul están situadas as aulas de debuxo artístico e os catro laboratorios de Ciencias, Física e Química. Na planta alta da zona amarela están as aulas de Música, Tecnoloxía, Plástica e Francés.

Cada grupo ten asignada un aula de referencia para evitar, no posible, o continuo desprazamento do alumnado polos corredores nos cambios de clase. Os horarios están organizados en clases de 50 minutos de duración tendo seis sesións diarias de 08:50 a 14:30 horas e dúas sesións nas tardes dos martes, de 16:50 a 18:0 horas.

Hai dúas aulas de informática unha en cada planta da zona amarela.

A Biblioteca terá cada curso un profesor/a encargado/a dela así como profesorado con gardas de Biblioteca que cubrirán o máximo número de horas posibles estando, en todo caso, aberta nas horas de recreo. Para poder ser

usada como aula necesitará a presenza do profesor do grupo. Procurarase fomentar o seu uso.

Os materiais e recursos que poidan ser utilizados por varios departamentos ou profesores estarán colocados nas oficinas do centro onde os poderán recoller. As aulas específicas: Informática, Plástica, Música, Tecnoloxía, Debuxo Artístico, Volume, etc, deben ter un regulamento específico para o seu uso, do que se encargarán os departamentos respectivos.

En canto á distribución dos tempos, serán os departamentos os que indiquen, antes de facer os horarios, organización de actividades didácticas ou complementarias, os criterios a seguir no relativo á continuación ou alternancia de sesións. E necesario insistir nalgúnhas carencias importantes como unha zona de patio cuberta e espazo para almacén.

A relación de libros de texto está actualizada nun bloque da páxina web do centro facilmente adsequible polo alumnado e as súas familias. As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollen os distintos recursos e materiais que son utilizados nas diferentes materias / cursos, e que serán seleccionados polos departamentos en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento e os específicos de cada materia que se recollen nas programacións didácticas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

05.1 ESO

Sempre e cando se poida realizar en función das materias optativas elixidas, establécense os seguintes criterios:

1. Os grupos do mesmo nivel terán ratios similares, pero proporase que sexa menor naqueles en que se escolarice alumnado con Necesidades Educativas Especiais

2. O alumnado de cada un dos seguintes apartados ordenarase alfabeticamente e distribuirase alternativamente e de xeito equitativo nos grupos existentes:

a. que se incorpore a 1º de ESO despois de repetir en Primaria e/ou promocióne con avaliación negativa nalgúnha materia.

b. que vaia a Reforzo (1º e 2º de ESO) ou que teña NEE.

c. que repita curso. e. que promocionou por imperativo legal.

e. que promocionou con avaliación positiva en todas as materias.

d. que presentara problemas de conduta.

3. Co fin de mellorar a organización do curso farase unha matrícula a finais do mes de maio.

Se se detectan problemas de convivencia entre alumnado do mesmo nivel evitarase que coincidan no mesmo grupo.

05.2 BACHARELATO

Para o bacharelato establécense os seguintes criterios:

1. A confección de grupos estará condicionada pola modalidade de bacharelato e polas materias elixidas polo alumnado.

2. Co fin de mellorar a organización do curso farase unha matrícula a finais do mes de maio.

A aplicación dos criterios anteriores correspóndelle ao equipo directivo, que contará coa axuda do departamento de Orientación. Ademais, se o considerase oportuno, poderá solicitar a colaboración dalgún outro membro do claustro.

05.3 OFERTA EDUCATIVA

1º ESO

O alumnado poderá elixir como segunda lingua entre :

- Francés
- Portugués

E poderá elixir unha materia entre.

- Relixión Católica
- Proxecto Competencial

As materias de libre disposición son: unha hora de Matemáticas e unha de Lingua Castelá

2º ESO

O alumnado poderá elixir como segunda lingua entre :

- Francés
- Portugués

E poderá elixir unha materia entre.

- Relixión Católica
- Proxecto Competencial

As materias de libre disposición son: unha hora de Lingua Galega e unha hora de Física e Química

3º ESO:

O alumnado pode elixir entre

- Relixión Católica

- Proxecto Competencial

e unha materia entre

- Cultura Clásica
- Oratoria
- Educación Dixital
- Francés
- Portugués

05.4 Itinerarios

4º ESO

O alumnado pode elixir unha das 3 opcións

- OPCIÓN A Matemáticas B, Física e Química, Bioloxía
- OPCIÓN B Matemáticas B, Latín, Economía e Emprendemento
- OPCIÓN C Matemáticas A ou Matemáticas B, Tecnoloxía, Formación e Orientación Persoal e Profesional.

Elixir unha materia entre:

- Cultura Clásica (se non se cursou en 3º ESO)
- Oratoria (se non se cursou en 3º ESO)
- Filosofía
- Francés

Elixir outra materia entre:

- Dixitalización
- Expresión Artística
- Música

E tamén elixir entre:

- Relixión Católica
- Proxecto Competencial

1º BACHARELATO

Temos tres itinerarios:

ARTES

Cursan obrigatoria o Debuxo Artístico I

Elixir unha materia

- Cultura Audiovisual
- Cultura Audiovisual (Inglés)

Elixir unha materia

- Volume
- Proxectos Artísticos

Elixir unha materia

- Relixión
- Atención Educativa

Elixir unha materia entre as seguintes optativas

- Francés I
- Portugués I
- Antropoloxía
- Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e o Deseño I
- Tecnoloxías da Información e Comunicación I
- Proxectos Artísticos

Anatomía Aplicada

- Literatura Galega do século XX e Actualidade
- Cultura Científica
- Literatura Universal
- Linguaxe e Práctica Musical

Historia do mundo Contemporáneo

CIENCIAS E TECNOLOXÍA

Cursan obrigatoria Matemáticas I

Cursan todos Física e Química

Elixer unha rama:

- RAMA SANITARIA: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais •

RAMA TECNOLÓXICA : Tecnoloxía e Enxeñería I

Elixir unha materia

- Relixión
 - Atención Educativa
- Elixir unha materia
- Anatomía Aplicada
 - Antropoloxía
 - Cultura Científica
 - Debuxo Técnico I
 - Francés I
 - Literatura Galega do século XX e Actualidade
 - Portugués I
 - Tecnoloxías da Información e Comunicación I
 - Literatura Universal
 - Linguaxe e Práctica Musica
- Historia do Mundo Contemporáneo

HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS:

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, Historia do Mundo Contemporáneo

Elixer unha materia.

- Economía
- Literatura Universal •

BACHARELATO DE HUMANIDADES:

- Latín I
- Historia do mundo Contemporáneo

Elixer unha materia.

- Grego I
- Literatura Universal

Elixir unha materia

- Relixión
- Atención Educativa

Elixer unha materia.

- Antropoloxía

- Bioloxía

- Francés I
- Literatura Galega do século XX e Actualidade
- Literatura Universal • Portugués I
- Tecnoloxías da Información e Comunicación I
- Cultura Científica
- Linguaxe e Práctica Musical

2º BACHARELATO

Temos tres itinerarios:

- ARTES

Cursan obrigatoriamente ; Debuxo Artístico II

Cursan todos Fundamentos da Arte

Elixer unha materia:

- Deseño
- Técnicas de Expresión Gráfico Plástica

Elixir unha materia

- Relixión
- Atención Educativa

Elixir unha materia

- Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño
- Francés II
- Historia da arte
- Patrimonio e Sociedade de Galicia
- Portugués II

- Psicoloxía
- Técnicas de Expresión Gráfico Plástica
- Tecnoloxías da Información e Comunicación II

CIENCIAS E TECNOLOXÍA

Elixen unha materia entre

- ¿ Matemáticas II
- ¿ Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II

Elixen dúas materias:

- Bioloxía
- Debuxo Técnico II
- Física
- Química
- Tecnoloxía e Enxeñaría II
- Xeoloxía e Ciencias Ambientais

Elixen unha materia:

- Bioloxía
- Debuxo Técnico II
- Física
- Francés II
- Métodos Estatísticos e Numéricos
- Patrimonio e Sociedade de Galicia
- Portugués II
- Psicoloxía
- Tecnoloxías da Información e Comunicación II
- Xeoloxía e Ciencias Ambientais

Elixen unha materia

- Relixión
- Atención Educativa

HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

Elixen un itinerario: • BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II

• BACHARELATO DE HUMANIDADES: Latín II

Para os dous itinerarios, elixen unha opción

- OPCIÓN A (Elixen dúas materias)
- Empresa e Deseño de Modelos de negocio
- Historia da arte
- Xeografía •

OPCIÓN B (Elixen dúas materias)

- Empresa e Deseño de Modelos de negocio
- Historia da arte
- Grego I

Elixen unha materia

- Relixión
- Atención Educativa

Elixen unha materia.

- Bioloxía
- Francés II
- Métodos Estatísticos e Numéricos
- Patrimonio e Sociedade de Galicia
- Portugués II
- Psicoloxía
- Tecnoloxías da Información e Comunicación II

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Todos os departamentos propoñen actividades complementarias e extraescolares nas súas programacións didácticas. Estas realizaranse, para evitar interferencias e incompatibilidades coa actividade docente de aula, antes das seguintes datas:

Na ESO e 1º de Bacharelato: antes do 17 de maio.

En 2º de Bacharelato: antes do 14 de abril.

Desde o curso pasado estableceuse organizar unha Semana das Artes e unha Semana das Ciencias.

A primeira a finais do primeiro trimestre e a segunda a finais do segundo trimestre.

Este curso valoramos a posibilidade de repetir ese formato, pero decidiuse entre a Vicedirección e os departamentos implicados celebrar cada unha das iniciativas en cursos alternos.

Nos tres últimos cursos publicamos un libro con traballos e colaboracións de toda a comunidade educativa, arredor dalgún tema na Colección Sar. Levamos tres títulos publicados e, neste curso, aproveitando a conmemoración do 30 aniversario do centro, temos prevista a publicación dun libro que recolla traballos de antigos profesores e alumnos e da comunidade educativa actual, falando da historia do instituto e do fito que supuxo para o barrio do Sar a apertura deste centro educativo. Con este motivo, tamén daremos cabida na publicación a algunhas colaboracións externas que analicen diferentes aspectos históricos e culturais do barrio do Sar, intentando implicar a diferentes axentes culturais vinculados con el. Temos prevista a intervención muralística da artista Lidia Cao (exalumna do centro) para mellorar o aspecto exterior do instituto, intervindo un panel vertical da fachada principal e os muros exteriores que circundan o recinto escolar e que lindan coa beirarúa de Barreiro de VV.VV. (60 metros). A intervención farase en novembro, axudada por 7 alumnos que cursan Proxectos Artísticos, ao abeiro da iniciativa municipal Festival Contemporánea A seguir, detallo algunhas datas e eventos que temos previsión de celebrar, como xa se fixo o curso pasado: - Obradoiro de fotografía co artista compostelá Fuco Reyes (con 18 alumnas e alumnos que cursan Proxectos Artísticos). - Samaín (Concurso de relatos de terror e de cabazas). - 28 de novembro: Día contra a violencia de xénero (intervención colectiva do alumnado e o profesorado en diferentes dependencias do centro). - Festival de Nadal. - En colaboración coa Escola Oficial de Idiomas (Sección de Inglés), e por iniciativa da súa vicedirección, este curso o noso centro está convidado a participar nun concurso de microrrelatos que leva organizando a EOI desde hai 7 anos. A intención é que poida participar nel o noso alumnado de bacharelato e que desta iniciativa xurda unha publicación en forma de libro, no que os relatos finalistas sexan ilustrados polo noso alumnado do Bacharelato de Artes, concretamente polo alumnado que cursa Proxectos Artísticos. - Intercambio de estudos con alumnado italiano a través do programa EduExchanges (intercambio pendente do curso pasado con alumnado da rexión de Emilia-Romaña e intercambio novo -no mes de marzo- cun instituto da zona do Lago di Como). - Festa de Entroido. - Intervención performativa, musical e literaria organizada polo departamento de Filosofía. - Semana das Letras Galegas. - Exposición dos traballos de fin de curso do alumnado de Bacharelato de Artes na Galería El Local, rexentada pola escultora María Xosé Díaz en Cacheiras (Teo), así como en diferentes ubicacións do noso centro. - Excursión de fin de curso á Illa de Ons para todo o alumnado do centro. Ademais destas iniciativas, no centro celebráronse algunhas datas, por iniciativa dos diferentes departamentos, recomendadas no catálogo publicado no DOG núm. 93 e que, a seguir, se detallan: - 20 de novembro: Día Universal da Infancia. - 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias e destinado á súa recuperación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teñan pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente. En cada sesión de avaliación farase o seguimento por escrito do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- 1.) Identificación do alumno/a.
- 2.) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.

- 3.) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- 4.) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- 5.) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- 6.) Tarefas para realizar con temporalización.
- 7.) Seguimento e avaliación
- 8.) Acreditación de información á familia ou responsables

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que repita un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado. O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titorna sesión de avaliación inicial.

En cada sesión de avaliación farase, o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- 1.) Identificación do alumnado.
- 2.) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- 3.) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- 4.) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- 5.) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- 6.) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- 7.) Acreditación de información á familia

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A) PROCEDEMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN NA ESO:

A ESO é unha etapa de escolarización obrigatoria na que o currículo ten un carácter aberto e flexible e a avaliación do alumnado será continua e integradora.

1) PROCESO DE AVALIACIÓN: constará dunha avaliación inicial para coñecer a situación do alumnado e catro sesións de avaliación, sendo a cuarta a denominada avaliación final.

A 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final

2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN axustados aos que figuran nas programacións das diferentes materias. Estes criterios están a disposición da comunidade educativa a través da web do centro

RESULTADOS: prestarase especial atención ao alumnado que non progresa establecendo algunha das medidas de reforzo educativo establecidas na Orde do 25 de xaneiro de 2022.

B) CAPACIDADES CONSIDERADAS BÁSICAS POLO CENTRO.

- 1) Asistencia con puntualidade.
- 2) Interese polo traballo
- 3) Progreso na expresión oral, escrita, gráfica, musical, etc.
- 4) Progreso na capacidade de razoamento.
- 5) Presentarse aos exames.
- 6) Consideración de que a madureza académica posibilitalle ao alumno/a abordar futuras actividades tanto académicas como laborais.

C) GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN NA ESO.

1) AVALIACIÓN DO GRUPO: estudo dos resultados globais, feitos que a xuízo do/a titor/a inflúen no rendemento do alumnado, posibles actuacións de cara a mellorar o rendemento do grupo, etc.

2) AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA:

2-a) Alumnado con maior número de suspensos: análise das posibles causas do seu baixo rendemento buscando

formas de axuda.

2-b) Alumnado de reforzo ou ACI: valoración dos progresos e posibles cambios.

2-c) Alumnado promocionado por imperativo legal: analizar cada caso para opcións de futuro.

3) INICIATIVAS A REALIZAR POLO/A TITOR/A, O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN OU A XEFATURA DE ESTUDOS.

Permanente contacto coas familias para informar do resultados e das medidas a adoptar en cada caso.

D) CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN NA ESO.

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establécense os seguintes criterios de promoción:

- A decisión promoción será adoptada de xeito colexiado.

Acadará a promoción:

- Alumnado que superase todas as materias ou os ámbitos cursados ·
- Alumnado que teña avaliación negativa nunha ou dúas materias ·
- Poderase decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. b.1) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

c.1) Os motivos polos que hai expectativas favorables de recuperación: que non teña ningún protocolo de absentismo aberto e/ou que a alumna ou o alumno se presentase ás probas e que realizase as actividades necesarias para a súa avaliación positiva.

d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

E) CRITERIOS PARA A TITULACIÓN NA ESO.

1. Ao finalizar o cuarto curso na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado

2. Obterá o título de graduado en ESO o alumnado que:

- Supere todas as materias ou ámbitos cursados.
- O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas: ter aprobadas todas as competencias

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa

c.1.) Os motivos polos que acada os obxectivos de etapa: que non teña ningún protocolo de absentismo aberto e/ou que a alumna ou o alumno se presentase ás probas e que realizase as actividades necesarias para a súa avaliación positiva

F) CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN NO BACHARELATO

Ao finalizar o primeiro curso o equipo docente adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando:

i. Superen as todas as materias cursadas

ii. Teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

G) CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHARELATO

• Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

• Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

• Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

• Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

• Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación,

incluídas as da convocatoria extraordinaria. - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

4º ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos (arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior) poderán recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

2. En caso de empate, nota media de todas as materias de 3º, 2º e 1º ESO

3. Se segue o empate, terase en conta a nota media ponderada, segundo a carga horaria, de todas as materias de 4ºESO

4. No último caso, sorteo

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

BACHARELATO

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos (arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior) poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En caso de empate, seguirase os seguintes criterios por orde:

1. Nota media de todas as materias de 1º BACHARELATO

2. Terase en conta a nota media ponderada, segundo a carga horaria, de todas as materias de 2º Bacharelato

3. Sorteo público

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos didácticos do IES de Sar desenvolverán o currículo establecido mediante as programacións didácticas de cada materia/curso.

1. As programacións didácticas deberán estar rematadas antes do comezo das clases.

2. Para a ESO e o bacharelato, a lexislación vixente establece que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendados. Esta programación é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante de cada departamento.

Os diferentes departamentos do IES de Sar deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

- Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da súa redacción final.

- Os xefes/as de departamento entregarán as programacións e/ou as correspondentes modificacións en formato electrónico antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar ou, no seu caso, dentro do prazo acordado, se fose distinto.

Unha vez que a xefatura de estudos teña no seu poder todas as programacións completadas e organizadas debidamente, deberá remitir unha copia ao Servizo de Inspección Educativa.

O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información básica incluírá os estándares mínimos avaliábeis e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación. Así mesmo, a principio de curso o xefe/a de departamento dará a coñecer á comunidade educativa a programación didáctica do seu departamento.

Unha vez aprobadas por inspección serán publicadas na web oficial do centro. As programacións didáctica dos cursos da ESO e BAC, serán elaboradas na aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens/>) e constará dos seguintes apartados:

a) Introducción

- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- c) Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización
- d) Metodoloxía
 - i. Concrecións metodolóxicas
 - ii. Materiais e recursos didácticos
- e) Avaliación
 - i. Procedemento para a avaliación inicial
 - ii. Criterios de calificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou ámbito
 - iii. Criterios de recuperación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
 - iv. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (só na etapa de BAC)
- f) Medidas de atención á diversidade
- g) Transversal
 - i. Concreción dos elementos transversais
 - ii. Actividades complementarias
- h) Práctica docente
 - i. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - ii. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas O IES de Sar participa nos seguintes proxectos e programas :

- Sección bilingüe
- Plan Proxecta
- Proxectos de innovación e calidade educativa: ·

CP Inclúe

- Proxecto E-Dixgal
- Club de Ciencia
- Proa+ ·
- Acreditación alumnado linguas estranxeiras
- Plan de Formación Permanente do Profesorado

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular Segundo a Resolución do 26 de maio de 2022 e o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, o centro debe elaborar un procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular (CC).

No IES de Sar, o procedemento será:

- Ao longo do curso
- · Nas reunións de CCP e Claustro realizarase un seguimento por trimestre da CC.
- · Recollida, aprobación, en Claustro e CE, e posta en práctica de modificacións á CC se fora preciso.
- Ao finalizar o curso, en xuño, o equipo directivo presentará unha memoria final ao Claustro e ao Consello Escolar onde se recollerán os seguintes puntos do procedemento: ·
- Porcentaxe do cumprimento da CC. ·
- Xustificacións, se é o caso, da parte da CC non acadada.
- Modificacións, se é o caso, introducidas durante o curso en relación coa CC e motivos das modificacións feitas.
- Propostas de melloras para a modificación da próxima CC.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O IES de Sar participa nos seguintes proxectos e programas :

- Sección bilingüe:
 - Música 3ºESO en Francés
 - Cultura Audiovisual 1º Bacharelato en Inglés
- Plan Proxecta:
 - 02. Proxectos de vida activa e deportiva
 - 20. Proxecto Rios
- Proxectos de innovación e éxito escolar: ·
 - · Proxecto E-Dixgal

- · Club de Ciencia
- · Proa+
- · Acreditación alumnado linguas estranxeiras
- Plan de Formación Permanente do Profesorado PFPP:
 - Liñas de Traballo:
 - Competencia Dixital: Itinerario: Materiais para E_Dixgal
 - Competencia Didáctica : Itinerario Polo Creativo Audiovisual do Sar
 - Competencia en educación inclusiva e coeducación: Itinerario: Benestar do alumnado no IES

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Segundo a Resolución do 26 de maio de 2022 e o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, o centro debe elaborar un procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular (CC). No IES de Sar, o procedemento será:

- Ao longo do curso
- Nas reunións de CCP e Claustro realizarase un seguimento por trimestre da CC.
 - -Recollida, aprobación, en Claustro e CE, e posta en práctica de modificacións á CC se fora preciso.
- Ao finalizar o curso, en xuño, o equipo directivo presentará unha memoria final ao Claustro e ao Consello Escolar onde se recollerán os seguintes puntos do procedemento:
 - Porcentaxe do cumprimento da CC. ·
 - Xustificacións, se é o caso, da parte da CC non acadada.

o) Outros apartados

1. Anexos

Están incluídos os plan elaborados no centro